



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Avaliación das alteracións de base condutual	Código	652G04019	
Titulación	Grao en Logopedia			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicoloxía			
Coordinación	Duran Bouza, Montserrat	Correo electrónico	montserrat.duran.bouza@udc.es	
Profesorado	Duran Bouza, Montserrat Fernandez Mendez, Juan Carlos	Correo electrónico	montserrat.duran.bouza@udc.es juan.carlos.fernandez.mendez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Materia básica e fundamental para o perfil profesional da titulación xa que permite coñecer, aplicar e diferenciar os diferentes procedementos de avaliación logopédica para realizar un preciso diagnóstico das diferentes alteracións lingüísticas de base condutual, como paso previo á intervención das devanditas alteracións			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A8	Coñecer os fundamentos do proceso de avaliación e diagnóstico.
A9	Coñecer e aplicar os modelos, técnicas e instrumentos de avaliación.
A10	Realizar a avaliación das alteracións da linguaxe nos trastornos específicos do desenvolvemento da linguaxe: trastorno específico da linguaxe, atrasos da linguaxe, trastornos fonéticos e fonolóxicos; os trastornos da comunicación e a linguaxe asociados a déficit auditivos e visuais, o déficit de atención, a deficiencia mental, o trastorno xeneralizado do desenvolvemento, os trastornos do espectro autista, a parálise cerebral infantil e as plurideficiencias; os trastornos específicos da linguaxe escrita; as discalculias; as alteracións no desenvolvemento da linguaxe por privación social e as asociadas a contextos multiculturais e plurilingüismo; os trastornos da fluidez da fala; as afasias e os trastornos asociados; as disartrias; as disfonías; as disglorias; as alteracións da linguaxe no envellecemento e os trastornos dexenerativos; as alteracións da linguaxe e a comunicación en enfermidades mentais; o mutismo e as inhibicións da linguaxe; as alteracións das funcións orais non verbais: deglución atípica, disfagia e alteracións tubáricas.
A11	Redactar un informe de avaliación logopédica.
A12	Realizar unha avaliación tras a intervención.
A21	Saber deseñar e elaborar informes logopédicos.
A26	Adquirir un coñecemento práctico para a avaliación logopédica.
B7	Capacidade de análise e síntese.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título	
Realizar a avaliación das alteracións da linguaxe nos trastornos específicos do desenvolvemento da linguaxe: trastorno específico da linguaxe, as alteracións no desenvolvemento da linguaxe por privación social e as asociadas a contextos multiculturais e plurilingüismo; os trastornos da fluidez da fala; as alteracións da linguaxe no envellecemento e os trastornos dexenerativos; as alteracións da linguaxe e a comunicación en enfermidades mentais; o mutismo e as inhibicións	A10 A26	
Coñecer e aplicar os modelos, técnicas e instrumentos de avaliación.	A9	
Coñecer os fundamentos do proceso de avaliación e diagnóstico.	A8	
Ser quen de elaborar un informe de avaliación logopédica unha vez rematado o proceso de avaliación	A11 A21	



Ser quen de avaliar os resultados da intervención logopédica planificando períodos de seguimento	A12 A26		
Capacidade de análise e síntese.		B7	
Asumir como profesional e cidadano a importancia da aprendizaxe a longo da vida.			C7

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Avaliación do trastorno específico da linguaxe	1.1. Avaliación do trastorno específico da linguaxe (TEL): Obxectivos 1.2. Identificación temperá 1.3. Métodos de avaliación: entrevista, mostras de fala, informes e inventarios, probas estandarizadas 1.4. O proceso de avaliación da linguaxe no TEL
Tema 2. Avaliación dos Trastornos da fluidez da fala: A tartamudez	2.1. Introducción á Avaliación da fala e a linguaxe nas alteracións da fluidez 2.2. Avaliación diagnóstica 2.3. Avaliación funcional 2.4. Métodos de avaliación
Tema 3. Avaliación do Déficit de atención con hiperactividade (TDAH)	3.1. Introducción á avaliación do déficit de atención con hiperactividade 3.2. Avaliación xeral: intelixencia, linguaxe e aprendizaxe 3.3. Avaliación específica: hiperactividade/impulsividade e atención. 3.4. Avaliación funcións executivas no TDAH
Tema 4. Avaliación do Mutismo selectivo e inhibicións da linguaxe.	4.1. O proceso xeral da avaliación do mutismo selectivo 4.2. Selección das estratexias e instrumentos para a avaliación: entrevista, cuestionarios específicos e xerales, rexistro de observación 4.3. O rexistro de observación como método para a planificación da intervención
Tema 5. Avaliación das Alteracións da linguaxe no envellecemento, trastornos dexenerativos e enfermidades mentales.	5.1. Selección das estratexias de avaliación en función do tipo e gravidade da demencia 5.2. Avaliación neuropsicolóxica das demencias 5.3. Avaliación da linguaxe nas demencias
SESIÓNS INTERACTIVAS	Uso de probas estandarizadas para avaliar oos compoñentes formais da linguaxe, tanto receptivas como expresivas, así como oos compoñentes funcionais no TEL.  Métodos de avaliación cualitativa no TEL  Análisis da fluidez na tartamudez  Elaboración dun protocolo de avaliación da tartamudez  Uso de cuestionarios, inventarios e probas estandarizadas empregados na avaliación da linguaxe no TDAH  Uso de diversos procedimentos de avaliación empregados no mutismo selectivo  Elaboración dun protocolo de avaliación da linguaxe nas demencias  Elaboración de informes de avaliación

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais



Sesión maxistral	A9 A8	20	30	50
Estudo de casos	A26 A10	8	12	20
Lecturas	A8	4	8	12
Proba obxectiva	A8 A9 A10 B7	2	2	4
Portafolios do alumno	A11 A12 A21	15	30	45
Presentación oral	B7 C7	4	8	12
Atención personalizada		7	0	7

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	O profesor presentará aos estudantes un resumo esquematizado do contido central dos temas do programa. No caso das prácticas explicará en qué consisten as técnicas e procedementos cos que se traballará en pequeno grupo
Estudo de casos	Farase unha presentación de ao menos dous estudos de caso que os alumnos deberán analizar e debatir aula
Lecturas	Os estudantes deberán realizar unha recensión dun artigo centrado no proceso de avaliación dalgún dos trastornos incluídos no programa
Proba obxectiva	A avaliación da materia realizarase mediante un exame parcial e un exame final. Nembargantes, a superación do curso implica a entrega do traballo práctico antes mencionado e da recensión do artigo ou capítulo.
Portafolios do alumno	O alumno/a irá realizando ao longo do curso unha carpeta cos protocolos de avaliación de cada unha das patoloxías incluídas no temario e que se traballarán nas sesións interactivas
Presentación oral	Os alumnos deberán expoñer na clase as probas de avaliación ou os protocolos traballados en pequeno grupo

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral Lecturas Estudo de casos	Realizaránse periódicamente titorías individuais e/ou en pequeno grupo.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A8 A9 A10 B7	Examen de opción múltiple acerca dos contidos impartidos nas clases.	70
Presentación oral	B7 C7	Exposición dos traballos realizados en pequeno grupo e do contido do portafolios	5
Portafolios do alumno	A11 A12 A21	Ao finalizar o cuadrimestre cada alumno/a deberá entregar unha carpeta cos protocolos de avaliación de cada unha das patoloxías	15
Lecturas	A8	Os/as estudantes deberán realizar unha recensión dun artigo sobre avaliación dalgún trastorno do programa	10
Estudo de casos	A26 A10	Farase unha presentación dos estudos de casos que os/as estudantes deberán analizar e expor na aula	0

Observacións avaliación
A asistencia a clase unicamente se terá en conta para poder presentarse ao examen parcial. Será necesario ter asistido polo menos ao 70% das ocasións en que se controle a asistencia. Aqueles alumnos/as que non asistan a clase deberán examinarse dos contidos do programa tanto dos impartidos nas sesións expositivas como nas interactivas (Nestes casos ademais da proba obxectiva deberán realizar un examen de pregunta breve acerca dos contidos das clases interactivas). O peso na avaliación deste examen con dúas partes será do 70%. Ademais, aqueles alumnos/as que non cumplan co 70% da asistencia non poderán presentar o portafolios.

Fontes de información	
Bibliografía básica	Revisión de artigos científicos sobre aspectos de interere na asignatura.
Bibliografía complementaria	



## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía dos órganos da audición e a linguaxe/652G04001

Alteracións de base evolutiva/652G04012

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Avaliación das alteracións de base evolutiva/652G04017

Avaliación das alteracións de base neurolóxica e anatómica/652G04026

### Materias que continúan o temario

Alteracións de base neurolóxica e anatómica/652G04021

## Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías